

OFERTA EMPREGO

A Confraría de Vilanova emite oferta pública de emprego, conforme ó establecido no artigo 43. Do personal laboral da confraría do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas fedracións

Posto de traballo: ASISTENCIA TÉCNICA

Actividades a realizar:

- Elaboración e seguimento dos plans de coxestión de recursos mariños vivos especialmente os plans de explotación da confraría.
- Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños. Análise dos descritores definidos na Directiva marco sobre a estratexia mariña. Cartografado dos hábitats e das especies, especialmente das exóticas invasoras. Seguimento e vixilancia dos hábitats e das especies. Cartografado da actividade extractiva realizada pol@s soci@s da entidade. Seguimento de indicadores de abundancia, da composición específica das capturas e da súa estrutura de tamaños.
- Formación d@s pescador@s orientada a adquirir novas competencias vinculadas a unha mellor xestión e conservación dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas en que viven.
- Aumento da sensibilización ambiental coa participación directa d@s pescador@, que pode incluír campañas de divulgación
- Contribución á vixilancia epidemiolóxica: envío de mostras ao Intecmar para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras

Requisitos mínimos para @s candidat@s:

- Estar en posesión da/s titulación/s de Técnico Superior en Acuicultura ou Grao en Bioloxía ou similar
- Ter coñecementos de informática e manexo de datos. Se valorán coñecementos de SIG (Sistemas de Información Xeográfica).
- Valorarase a experiencia no campo de traballo das confrarías
- Non pertencer ós órganos de goberno da confraría nin ter vinculación de parentesco no primeiro grao de consanguinidade ou afinidade coas persoas membros dos órganos de goberno

@s interesad@s poden enviar o seu currículum ó e_mail da confraría:

empleo@cofradiavilanovapastoriza.org